

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2015/02

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 24 DE MARZO DE 2015.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **24 de marzo de 2015** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xavier Campos López (ausente)

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.

D^a Maria del Campo López-Braña Freije

D^a Azucena González Loredó

D. José Manuel Yañez Dablanca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario Xeral:

D. José A.Carro Asorey

Interventor:

D. Luis Vázquez Parga

Tecnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, EXTRAORDINARIA DE DATA 23/12/2014 E ORDINARIA DE 27 DE XANEIRO DE 2015.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais. A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.-EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2015.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta polo Concelleiro Delegado de Economía e Facenda do expediente epigrafiado.

Sen promoverse deliberación, a Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente o mesmo para a súa elevación ao Pleno municipal.”

A Corporación, por doce votos a favor (sete dos membros do BNG, 4 dos membros do Grupo Popular e un do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e unha abstención (do membro de UPRI no Grupo Mixto), acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/2015 por importe de **30.875,58 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que figuran no expediente e nos seus respectivos soportes materiais no presente expediente.

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2015 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 03/2015, nas que se realizará a correspondente retención.

3.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“A Concelleira Delegada dona Ana Maria Martínez explica sintéticamente a modificación que se pretende no artigo 13 da Ordenanza de referencia e que se recolle na proposta da Alcaldía.

Sen promoverse deliberación, a Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a proposta obrante no expediente de modificación desta Ordenanza, para a súa elevación ao Pleno municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia:

1º.- A aprobación inicial da modificación do artigo 13º da mesma que quedaría do seguinte xeito:

Artigo 13º: Réxime de autorización

1. O exercicio da venda ambulante requirirá a previa autorización municipal para cada emprazamento concreto e por cada unha das modalidades de venda ambulante. Os postos determinados no plano aprobado do mercado dos mércores determinan a superficie total a ocupar pola instalación do mesmo así como os elementos auxiliares e o espazo de acceso e desenvolvemento do comercio polo titular, que deberá realizar as actuacións de venda dentro do espazo determinado. A superficie do posto virá dada pola determinación municipal, sendo irreductibles e inampliables salvo autorización expresa e unicamente no momento do procedemento de renovación de autorizacións, non podendo baixo ningunha circunstancia ser colocados de xeito que interrompan o paso dos peóns, o acceso a locais comerciais ou industriais ou oculten a súa entrada ou os seus escaparates ou exposicións.

2. A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante ten as seguintes características:

a) A súa concesión ten carácter discrecional, estando supeditada ao interese xeral. Enténdese autorizada con carácter provisional e a precario. O vendedor ambulante non adquirirá de xeito ningún dereito sobre o posto que en principio se lle asigne, xa que este non terá o carácter de permanente, e a autorización para o exercicio da venda non dará dereito ao seu titular a realizar ningunha ocupación superficial, e só autoriza a estacionarse o tempo necesario para realizar as operacións ou transaccións propias da industria ou oficio obxecto da autorización.

b) Pode ser revogada unilateralmente polo incumprimento das condicións do seu outorgamento ou da normativa vixente, así como disporse dos terreos pola Alcaldía para eventos puntuais ou necesidades xustificadas sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación algunha, salvo a devolución, no seu caso, da parte proporcional das taxas aboadas en prorrateo mensual. Tamén poderá revogarse pola supresión do propio mercado ou feira ou redución da súa capacidade, pola reiterada falta de limpeza do posto ou do seu entorno unha vez finalizado o mercado, por ocupación do posto por persoa non autorizada e por non utilización do posto durante catro mércores seguidos ou oito alternos sen xustificación.

c) Terá unha duración máxima de un ano . As autorizacións poderán renovarse de forma expresa por idéntico período. En todo caso de non estar rematado o procedemento para a renovación expresa manteranse en vigor durante o primeiro mes do exercicio seguinte coas

mesmas condicións do exercicio anterior. As autorizacións resultantes de procedementos de adxudicación de postos vacantes ou novos terán a duración restante ata o cumprimento do ano natural resultante do proceso xenérico de renovación.

d) O titular da autorización poderá contratar persoal que lle asista na atención do posto que deberá comunicar ao Concello.

3. Todos os postos serán desmontables e proporcionados polo propio vendedor. As operacións de carga e descarga e instalación dos postos deberán efectuarse entre as 07:00 horas e as 08:00 horas. A desmontaxe e retirada dos postos efectuarase a partir das 14:00 horas, no prazo máximo de unha hora, deixando o lugar en perfecto estado de limpeza. Está prohibida a utilización de anclaxes ou elementos que danen o pavimento público.. **Aqueles vehículos que supoñan a propia disposición dos postos como poden ser camións-tenda e similares autorizarase en zonas ou lugares determinados que deberán ser especificados na solicitude e autorizados expresamente. Sempre que sexa posible e o espazo o permita, autorízase provisionalmente as persoas titulares a aparcas os seus vehículos e non poderán colocarse aqueles que polo seu tamaño, excesivo ao posto, perxudiquen aos contiguos. Se da instalación de vehículos na forma sinalada se derivasen inconvenientes para o normal funcionamento do mercado, se disporá a súa instalación nos aparcadoiros próximos. Salvo casos excepcionais debidamente xustificadas e autorizados polo Concello de forma expresa, só permitirase o acceso ao recinto do mercado dun vehículo por autorización de venda.**

4. Poderán ser ofrecidos á venda artigos téxtiles, de artesanía, bixutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, así como produtos alimenticios que non estexan expresamente prohibidos pola normativa vixente. Autorízase a venda de pan, froita, queixos, produtos cárnicos e produtos envasados, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable, cando se cumpran as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a lexislación sectorial sobre a materia para cada tipo de produto. Non se autoriza a venda de carne, aves, pescado fresco ou conxelado, produtos lácteos e derivados e calquera outro que precise de frío para a súa conservación.5. Os titulares de postos interiores non poderán obter autorizacións para explotar postos no mercado exterior.

2º.A exposición pública a efectos de exame e reclamación e a tramitación subseguinte para a súa aprobación definitiva.

3º Facultar a esta Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fín dos acordos adoptados.

4.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA. ROGOS E PREGUNTAS.

DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE manifesta que non vai facer ningunha

preguna sobre os mesmos.

O Concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo pregunta por pagos efectuado por recurso contencioso-administrativos.

Pregunta tamén por un decreto sobre cuestións relativas á lexonelo se a qué se refire, sinalándose pola Alcaldía que á vivenda comunitaria.

Polo Grupo Municipal Popular o Sr.Valín Valdés pregunta polas facturas dun importe moi pequeno dunha ferretería aclarándose polo ConcelleiroSr.Castro Reigosa que se trata de que se realizan distribuídas por servizos para un mellor control.

Refírese tamén ao decreto numero 44 por un pago efectuado encocnepto de emerxencia social así como a outro de actividades Educando en familia.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Do PSG-PSOE

O Sr.Gutiérrez Fernández formula un rogo xenérico relativo aoadecentamento de fachadas e mais en concreto ao cableado existente nas mesmas. O Sr.Alcalde explica os trámites feitos con diferentes empresas e acepta o rogo indicando que seguirán co tema.

DE UPRI.-

Por parte do Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo sinalase tamén que os cables non son so os que se dín senon tamén de sonido,etc.

Formula unha pregunta relativa aos recibos de auga e lixo sinalando os distintos apartados de que se compón o mesmo que é respostada polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente.

Pregunta tamén este Concelleiro polas obras que se están levando a cabo no parque de San Francisco, explicando o Concelleiro delegado de obras Sr.Castro Reigosa os pormenores da mesma.

DO PARTIDO POPULAR.-

A Concelleira Sra.López-Braña Freije pregunta por un caseto e material depositado por unha persoa no lugar de Os Garitos-Vilar explicándose polo Concelleiro delegado de Medio Ambiente o que se ten feito para resolver o tema.

A continuación intervén o Concelleiro Sr.Yañez Dablanca que recorda unhos rogos efectuados con anterioridade como son o da instalación dunha canasta en espazos públicos, a instalación de luz na Casa da Algas ou en relación coa vía paralela a vía do tren e o arranxo detrás da rúa Julio Lazúrtegui.

O Concelleiro delegado Sr.Castro Reigosa explica o que se fixo e se pretende facer en relación cos mesmos.

O Sr.Valín Valdés pregunta en relación a unha queixa formulada por varios veciños sobre un

bloque de nichos no cemiterio municipal de Ribadeo que parece ser que meten auga.

Rseposta o Sr.Cupeiro Rodriguez, Concelleiro delegado de cemiterios o que se ten realizado sobre este asunto que xa coñece e indicando que se está en vías de darlle unha solución.

Forula tamén unhos rogos que son reiterativos, en relación ao coche da Policía local que segue aparcando detrás do Teatro, sobre o camino ou endeiro que se fixo ao pé da costa para a carreira popular do verán, sobre a reposición dunha árbore na rúa San Roque e por último en relación ao tema da Moción que teñen presentada dende o inicio do mandato sobre accesibilidade.

Por último en relación a un rogo formulado por escrito pola Concelleira Sra.López Braña Freije acerca das actividades e gastos orixinados con motivo de FITUR 2015 en Madrid, respostando punto por punto a Concelleira Delegada de Turismo Sra. Martínez Fernández.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo.FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE